



**D<sup>a</sup>. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 30 de xuño de 2022** adoptou o seguinte acordo:

**11.- PROXECTO DE CONVENIO COA FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA) PARA O ANO 2022 POLO DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDORES DAS ANPAS DE ENSINO INFANTIL E PRIMARIO PÚBLICO DURANTE O ANO 2022. EXPTE. 26064/332.**

Visto o informe de fiscalización do 23/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 13/06/2022, asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas, pola xefa do Servizo de Educación, polo concelleiro-delegado de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

A Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e Comarca (FOANPAS) achegou con data de 08 de xuño de 2022 a través do Rexistro electrónico do Concello (**Código Solicitud W707781-4249 e n.º de doc. 220124657**) unha solicitude para proceder á tramitación do convenio 2022 entre o Concello de Vigo e a FOANPA, para coaduxar o financiamento dos seus gastos de funcionamento e xestión, contribuir ao financiamento da realización de actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedores das ANPAS dos centros públicos de ensino infantil e primario pertencentes a esta Federación no ano 2022.

A esta solicitude achégase a seguinte documentación:

- Estatutos Foanpas.
- Tarxeta de Identificación Fiscal.
- Anexo I de realización de Actividades Extraescolares e Taller Matinal.
- Anexo II co informe e memoria económica.
- Declaración xurada de que FOANPAS é unha entidade sen ánimo de lucro.
- Declaración xurada onde a presidenta declara que ten capacidade xurídica para contratar coa Administración Pública (Concello de Vigo) e que non ten ningunha incompatibilidade para contratar segundo a Lei 30/2007 de 30 de Outubro.
- Declaración da presidenta de que FOANPAS non está incurso en ningunha prohibición para ser beneficiaria das subvencións pola Lei galega 9/2007 de subvencións de Galicia, do 13 de xuño.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 12:49	Páxina 1 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A6AE47-EE4H43-AAB7DA-JS6W9V-MW1XB4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) expedido en data 16/05/2022.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 16/05/2022.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 16/05/2022.
- Declaración xurada da presidenta de que FOANPAS non ten débedas coa Consellería de Facenda, Axencia Tributaria de Facenda, Tesorería da Seguridade Social e o Concello de Vigo.
- Certificado da conta bancaria de FOANPAS.
- Declaración da presidenta de FOANPAS xustificando as axudas e subvencións solicitadas e/ou concedidas neste ano 2022.
- Certificado do Concello de Vigo co número de rexistro de FOANPAS no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Certificado do Secretario da Federación coa relación dos membros da Xunta Directiva aprobados en asemblea.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas( LPAC).
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG).
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e regulamento de desenvolvemento.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Bases de execución do Orzamento Xeral da Corporación para o ano 2022.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**1.- Obxecto:** O presente expediente ten por obxecto a aprobación dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FOANPAS para mellorar e complementar servizos escolares, culturais e deportivos, tales como a prestación do servizo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 12:49	Páxina 2 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A6AE47-EE4H43-AAB7DA-JS6W9V-MW1XB4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



comedor como necesidade vital de primeira orde nun intre no que motivado pola pandemia sanitaria e crise económica moitas familias se empobrecen e onde tamén se promove unha alimentación sa e equilibrada e a adquisición duns hábitos nutricionais saudábeis; e por outra banda tamén para a realización de actividades extraescolares de distintas disciplinas formativas fóra do horario lectivo e no tempo libre dos escolares nas que se promoven o exercicio físico e a práctica regular de actividade deportiva, así como en xeral a mellora da formación cultural dos escolares e das familias no seu conxunto.

**2.- Procedemento de concesión directa:** Respecto da concesión de subvención o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

A cantidade de 606.039,31 euros está prevista nominativamente no vixente orzamento municipal, concretamente na aplicación orzamentaria 3260.489.0001 "Convenio Foanpa" (art. 22.2.a LXS).

A previsión da subvención como nominativa nos orzamentos municipais implica que se seguiu o procedemento de tramitación e aprobación dos orzamentos previsto nos artigos 168 e 169 do TRLRFL (de carácter público e deliberativo no Pleno municipal) e que os ditos fondos públicos están destinados a un beneficiario concreto e afectados a un propósito, finalidade ou actividade específica.

Este financiamento municipal para a prestación do servizo de comedor é complementario coas "axudas municipais escolares de libros e comedor" que promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.

A ausencia de convocatoria pública e/ou concorrencia vén motivada porque todas as posibles beneficiarias desta subvención, é dicir, todas as ANPAs legalmente constituídas dos centros de ensino público de infantil e primaria da nosa cidade, están integradas na FOANPAS sendo esta última a única federación de ANPAs públicas legalmente constituída na nosa cidade, e polo tanto con capacidade lexítima para asumir a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión da referida subvención.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 12:49	Páxina 3 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A6AE47-EE4H43-AAB7DA-JS6W9V-MW1XB4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O interese público, social e educativo, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa que consta no expediente, documento obrigado segundo sinala o artigo 50 da Lei 40/2015 e o artigo 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei en atención á singularidade da entidade beneficiaria.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o 31 de decembro de 2022, sendo gastos subvencionables aqueles que, segundo o artigo 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

**3.- Competencia:** A normativa de réxime local (Art. 25.1 da Lei 7/1985 e artigos 80.1 e 80.2 n) e ñ) da Lei de Galicia 5/1997), recollen que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e dispoñen que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en aspectos culturais e relacionados coa ensinanza.

Na redacción contida na Lei 7/1985, dispónse como competencias municipais propias, entre outras, que exercerán as administracións locais nas distintas materias as seguintes:

- 25.2.e) Atención a persoas en situación de necesidade social ou risco de exclusión social.
- 25.2.j) Protección da salubridade pública.
- 25.2.l) Promoción do deporte e de ocupación do tempo libre.
- 25.2.m) Promoción da cultura.

Igualmente na reforma lexislativa introducida pola Lei 27/2013 LRSAL en vigor desde o 31/12/2013, recóllese un marco normativo temporal na súa Disposición adicional decimoquinta respecto á “asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas á educación”, que estará condicionada polo establecemento das normas reguladoras do novo sistema de financiamento autonómico e de facendas locais, e que contemplará a normativa específica para o correspondente traspaso de medios económicos, materiais e persoais”.

A Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, publicada no DOGA o día 30/05/2014, que entrou en vigor segundo a Disposición adicional derradeira segunda o 31 de maio de 2014, establece na súa Disposición adicional primeira que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación, ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 12:49	Páxina 4 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A6AE47-EE4H43-AAB7DA-JS6W9V-MW1XB4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



A participación dos diversos axentes que conforman a actividade educativa é un dereito e un deber cidadán que o Concello de Vigo, en orde ás competencias que lle son propias, articula a través da subscrición dun convenio de colaboración coa FOANPAS, que é a federación das ANPAs implantadas nos centros públicos de ensino de Vigo de responsabilidade municipal.

Respecto do servizo de comedores, cómpre ter en conta as previsións recollidas no Decreto 132/2013 do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia educativa; que regula no artigo 2.1 que as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións poden xestionar os comedores escolares e no seu artigo 10.1 inclúe entre os recursos para financiar os comedores escolares, achegas en forma de axudas recibidas doutros organismos públicos.

Igualmente, a Lei 38/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, e a aquelas familias valoradas de especial consideración se lles asegura un trato preferente nos ámbito educativos e cultural. O artigo 8 desta Lei atribúe tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Porén, toda vez que entre os obxectivos da FOANPAS están os que son obxecto deste convenio, óptase por subscribir este convenio de colaboración con esta entidade, no que se definen as recíprocas prestacións de ambas as dúas partes que, no que se refire ao Concello, son principalmente de carácter económico e concréntanse, fundamentalmente, na concesión a dita entidade dunha cantidade de diñeiro co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS e contribuír ao financiamento das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedores das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación, no ano 2022.

O proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FOANPAS supón unha actividade de continuidade na sinatura do mesmo, xa que leva desenvolvéndose de xeito ininterrompido en exercicios anteriores dende hai máis de dezasete anos, para atender as tarefas anteriormente expostas, **e dita entidade ten presentado a través do rexistro electrónico municipal co código de solicitude W707781-4249 en data 08/06/2022 e co nº de doc. 220124657** a documentación necesaria e que se adxunta ao presente expediente, para iniciar a tramitación do convenio correspondente ao ano actual.

Recóllese no pacto segundo da proposta de convenio un pago anticipado a favor da FOANPAS con carácter previo á xustificación, que vén motivado pola necesidade desta entidade de dispor de liquidez económica para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionadas: Coadxuvar no financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS, contribuír ao financiamento das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedor das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2022. Non se considera necesario por parte deste Servizo Municipal de Educación, explicitar e fixar no convenio proposto ningún réxime de garantías dos fondos anticipados entregados, en virtude dos antecedentes satisfactorios e frutuoso dunha



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 12:49	Páxina 5 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A6AE47-EE4H43-AAB7DA-JS6W9V-MW1XB4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

colaboración consolidada que veñen mantendo dende fai tempo o Concello de Vigo a través do Servizo de Educación coa FOANPAS. Esta última vén actuando con acreditada solvencia, como recoñecida interlocutora co Concello da meirande parte das ANPAs dos centros de ensino público legalmente constituídas que están integradas na Federación e a vontade de colaboración tamén queda constatada coa cesión dun local municipal na antigas instalacións da Escola de Educación Infantil “O Nogal” (rúa Nogal, n.º 8) que lle permita á FOANPAS un axeitado desenvolvemento das súas funcións.

Para comprobar a adecuada xustificación da subvención, a óptima realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da mesma, ademais da obrigada presentación por parte da FOANPAS dunha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do convenio, o Pacto duodécimo contempla a necesaria emisión dun informe técnico ao respecto. Por iso, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPAS, o Servizo Municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos xustificantes achegados e polo tanto a procedencia do seu pago.

**4.- Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica coa que actúan:** Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao Concelleiro Delegado de Educación.

Pola outra parte, asinará o convenio dona Iria Salvande Lorenzo, como presidenta da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPAS).

**5.- Tramitación electrónica:** En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a entidade está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

**6.- Publicidade:** O convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**7.- Recursos:** De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985 e 210.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 142 da Lei 39/2015, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 12:49	Páxina 6 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A6AE47-EE4H43-AAB7DA-JS6W9V-MW1XB4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro da Área de Educación e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, e previa fiscalización da Intervención xeral, de conformidade co artigo 127.1. g) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO:

1º.- Aprobado o texto do **proxecto de Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca (FOANPAS) para o ano 2022**, que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para contribuír ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS, do desenvolvemento das actividades extraescolares e da prestación do servizo de comedores das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación durante o ano 2022.

2º.- Autorizar o gasto de **606.039,31 euros (SEISCENTOS SEIS MIL TRINTA E NOVE EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS)** a favor da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca FOANPAS (CIF: G-36.743.946), como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á aplicación orzamentaria **3260.489.0001** (Convenio FOANPA) que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo para o ano 2022.

3º.- Facultar ao concelleiro delegado de Educación, D. Gorka Gómez Díaz, para asinar o citado convenio para o caso de ser necesario substitución do Alcalde-Presidente.

4º.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**“PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPAS) PARA O ANO 2022”**

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil vinte e dous



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 12:49	Páxina 7 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A6AE47-EE4H43-AAB7DA-JS6W9V-MW1XB4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## REUNIDOS

*Dunha parte, Don Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo, en representación deste, de acordo co disposto no art. 124.4.a, da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local.*

*Doutra, Dona Iria Salvande Lorenzo, como presidenta da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPA), CIF nº G-36743946, e enderezo social en Vigo, Camiño do Chouzo nº 2, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación deste expediente núm. 26064/332.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

## MANIFESTAN

*I.- Que a entidade Federación Olívica das ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS) define estatutariamente como fins e obxectivos fundamentais que lle corresponden, a loita por un ensino público gratuito e da máxima calidade. Propón como liñas de traballo a formación integral das ANPAs federadas, a presenza e participación en todos os órganos que teñan relación co ensino público e coa oferta de servizos que supoñan unha participación activa dos pais e nais e como movemento asociativo de forte presenza social. A Federación Olívica de ANPAs de Vigo e Comarca respecta a autonomía de cada ANPA no ámbito das súas competencias.*

*Para posibilitar a participación real das ANPAs é necesario dotalas de instrumentos que lles permitan intervir activamente na vida escolar, como usuarios e usuarias directos/as da educación. Polo que se regularán neste convenio a subvención dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS e, por outra banda, a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación.*

*II.- Que o Concello de Vigo pretende consolidar e ampliar mediante este convenio o proxecto de participación activa de todos os axentes involucrados no eido educativo, cultural e deportivo, na procura dunha mellor calidade da ensinanza comezado por este Concello en anos anteriores.*

*A Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e as Leis Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) e Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), contemplan a necesaria participación, colaboración e coordinación das actuacións no ámbito das súas competencias, das administracións educativas e as Corporacións Locais para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e na mellor consecución dos obxectivos educativos. A Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio, contempla no seu Título Preliminar, Capítulo I, Artigo 1 que un dos*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 12:49	Páxina 8 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A6AE47-EE4H43-AAB7DA-JS6W9V-MW1XB4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





## Concello de Vigo

*principios que inspira o sistema educativo actual é a necesidade dun esforzo compartido, cooperación e colaboración das familias e as corporacións locais; e incide na Disposición final primeira na necesaria participación dos pais e nais no proceso ensinanza-aprendizaxe e na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas. A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, do 9 de decembro, contempla no seu Preámbulo e Artigo 1 hbis) a necesidade de que toda a sociedade civil e moi particularmente as familias e a cooperación entre as administracións asuman un papel activo na transformación do sistema educativo e igualmente salienta o recoñecemento do papel que corresponde aos pais, nais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos. A Lei Orgánica para a Modificación da Lei Orgánica da Educación (LOMLOE) tamén reivindica o papel activo e implicación das familias, fomentando a obrigatoriedade das familias de respectar a todos os compoñentes da comunidade educativa, ademais de participar de forma cooperativa naqueles proxectos educativos e tarefas que se lles propoñan dende o centro educativo, sobremaneira aquelas actividades que involucren ás familias en temas de igualdade, violencia de xénero ou diversidade cultural.*

*Polo tanto, as distintas leis educativas como a LOE, a LOMCE e a LOMLOE consideran a educación como o medio máis axeitado para garantir o exercicio da cidadanía democrática, salientando o papel das familias como primeiro axente educativo dos/das nenos/as. Igualmente neste marco legal educativo recóllese esta necesidade e recomendación do papel activo e implicación das familias, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia e o fomento da participación de nais e pais na vida do centro educativo.*

*Cómpre por iso a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAs) para acadar o desenvolvemento dos programas definidos e aqueles que poidan xurdir no ámbito da formación, información e desenvolvemento destas organizacións. Esta colaboración ten como obxectivo primeiro achegar a xestión pública aos intereses dos cidadáns e das cidadás.*

**III.-** *Que o Concello de Vigo recoñece á Federación Olívica de ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS) como representante, neste intre, das ANPAs dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo, e como canalizador das propostas das ANPAs nas competencias que lle correspondan ao concello neste ámbito.*

**IV.-** *Que o Concello de Vigo no seu orzamento para o ano 2022, na súa partida 3260.489.0001 (convenio FOANPA), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de **606.039,31 euros** a favor da Federación Olívica das ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS). O financiamento municipal correspondente á prestación do servizo de comedor é complementario coas "axudas municipais escolares de libros e comedor" que promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 12:49	Páxina 9 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A6AE47-EE4H43-AAB7DA-JS6W9V-MW1XB4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**V.-** Que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente. Así as cousas, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS e contribuír ao financiamento das actividades extraescolares, accións formativas de nais e pais por parte das ANPAs e á prestación do servizo de comedores das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2022.

**VI.-** Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran neste expediente núm. 26064/332.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese educativo e social que para a comunidade educativa da cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPAS), o Concello de Vigo e a FOANPAS conveñen a súa colaboración na concesión da referida subvención en base aos seguintes:

**PACTOS**

**Primeiro.-** A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) comprométese a colaborar co Concello de Vigo e cos órganos que este ten creados para o desenvolvemento da súa acción educativa, cultural e deportiva.

Sen prexuízo desta participación, a Federación Olívica de ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS) e a Concellería de Educación manterán reunións periódicas, a fin de posibilitar un coñecemento máis global das actuacións que está a levar o Concello en materia educativa, cultural e deportiva e das inquedanzas e propostas destes colectivos.

O órgano de consulta e participación dos distintos membros da comunidade escolar no Concello de Vigo é o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV), do que a Federación Olívica de ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS) forma parte coa representación que lle corresponde, en función do número de ANPAs dos centros de ensino público de Vigo que representa.

A Federación Olívica de ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS) como beneficiaria da subvención comprométese a cumprir as seguintes obrigas:

- 1.- Afrontar as tarefas de funcionamento, coordinación e xestión dos programas propios da Federación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 12:49	Páxina 10 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A6AE47-EE4H43-AAB7DA-JS6W9V-MW1XB4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

- 2.- *Desenvolver actividades formativas para nais e pais, na liña das actividades clásicas das Escolas de Pais e Nais.*
- 3.- *Organizar e regular a realización de actividades extraescolares das ANPAs de ensino infantil e primario federadas na FOANPAS.*
- 4.- *Acreditar e xustificar as actividades realizadas mediante a certificación e documentación correspondente ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo, que servirán de base a éste para tramitar os pagos.*
- 5.- *Entregar á Concellería de Educación do Concello de Vigo, a programación educativa, cultural e deportiva, prevista desenvolver ao longo da anualidade de vixencia do convenio.*
- 6.- *Promover e xestionar os comedores escolares e presentar a xustificación dos gastos habidos ante o Concello de Vigo.*
- 7.- *Presentar unha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do presente convenio, para posibilitar o seu control e avaliación efectiva do seu desenvolvemento.*
- 8.- *En xeral cumprir, como beneficiaria da subvención, coas obrigas consignadas para éstas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1.- *Conceder directamente á entidade Federación Olívica das ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS), unha subvención por importe de **606.039,31 euros (SEISCENTOS SEIS MIL TRINTA E NOVE EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS)** pagadeiros en tres prazos, para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionadas:*

- **PRIMEIRO PAGO:** *anticipado por importe de **200.000,00 euros** tras a sinatura do convenio.*
- **SEGUNDO PAGO:** *por importe de **203.019,65 euros** antes do 30 de setembro.*
- **TERCEIRO PAGO:** *por importe de **203.019,66 euros**, tras a presentación da conta xustificativa final e segundo o recollido no Pacto 5, a favor da **Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca**, para facer fronte ás responsabilidades de xestión na prestación do servizo de comedores, actividades extraescolares e formación de ANPAs e dos gastos de xestión propios da Federación, segundo se explica no anexo II.*

2.- *O Concello de Vigo realizará as actuacións necesarias para a posta á disposición da Federación Olívica de ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS) dun espazo dunha superficie aproximada de 90 metros cadrados, sito na antiga Escola Infantil Municipal "O Nogal" (rúa Nogal n.º 8), que lle permita un adecuado desenvolvemento das súas funcións e a realización das tarefas propias da Federación. A utilización deste local realizase en precario e o Concello de Vigo poderá recuperalo en calquera momento sempre que o interese público o requira,*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 12:49	Páxina 11 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A6AE47-EE4H43-AAB7DA-JS6W9V-MW1XB4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*polo que se adecúa ao previsto no Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.*

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A FOANPAS deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

**Cuarto.-** A FOANPAS xestionará a concesión das subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e á prestación do servizo da rede de comedores escolares adscritos, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, mediante o apoio ás iniciativas educativas da ANPA de cada centro, e para mellorar a calidade do ensino dos centros públicos de Vigo.

Será de obrigado cumprimento a lexislación e normativa vixente en materia de comedores escolares, manipulación de alimentos, normas hixiénico-sanitarias, ou calquera outra que lle sexa de aplicación ou puidera selo durante o desenvolvemento das actividades financiadas no marco do presente convenio.

A FOANPAS e ANPAs asociadas no que respecta á contratación dos/as monitores/as necesarios/as para o desenvolvemento das actividades subvencionadas, deberán ter en conta a normativa legal vixente de protección xurídica do menor, que obriga a achegar certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais en todas aquelas actividades que impliquen contacto habitual con menores.

Os medios e a forma de desenvolvemento destas actividades son de plena responsabilidade da FOANPAS, reservándose o Concello o control da calidade e eficacia.

**Quinto.-** O primeiro pago anticipado que se prevé neste convenio determina a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, e para a tramitación do mesmo a FOANPAS deberá achegar previamente a correspondente declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou circunstancias recollidas no artigo 34 da Lei xeral de subvencións. Igualmente será necesaria para a tramitación do segundo e terceiro e último abonos á conta, a presentación da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 12:49	Páxina 12 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A6AE47-EE4H43-AAB7DA-JS6W9V-MW1XB4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

*conta xustificativa do primeiro e segundo pago, respectivamente, nos termos que de seguido se dirán para a conta xustificativa final.*

*A beneficiaria, para a tramitación do terceiro pago, sempre dentro do exercicio económico no que se lle concede a axuda (de conformidade coas bases de execución do orzamento municipal), deberá presentar a conta xustificativa final na que deberán constar: a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago da totalidade dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pago e demais documentación orixinal xa achegada con ocasión da xustificación dos pagos anticipados.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 2.049.427,00 euros (118.300,00 euros dos gastos anuais de xestión da FOANPAS, 328.500,00 euros dos gastos das actividades extraescolares e obradoiros matinais e 1.602.627,00 euros dos gastos de comedores escolares).*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.*

**Sexto.-** *En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a Asociación Olívica de Nais e Pais de Vigo e comarca (FOANPAS) está obrigada a relacionarse electronicamente co Concello de Vigo, polo que para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poderán consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.*

**Sétimo.-** *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 12:49	Páxina 13 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A6AE47-EE4H43-AAB7DA-JS6W9V-MW1XB4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

**Oitavo.-** *No desenvolvemento das actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade das actividades subvencionadas, que deberá facerse integramente en galego, consonte co previsto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, sobre lingua galega e normalización lingüística e no Regulamento sobre Normalización Lingüística do Concello de Vigo.*

*Asimesmo, a FOANPAS, a través de calquera que sexa o medio de difusión, adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento municipal, comprometéndose a que na difusión das actividades, na edición de materiais gráficos, na páxina web, nas presentacións públicas e nos soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre as actividades obxecto do presente convenio, conste a colaboración explícita do Concello de Vigo, que deberá ter en conta a obrigatoria inclusión do logo institucional do Concello de Vigo, naqueles casos que proceda.*

**Noveno.-** *Antes de proceder a calquera dos pagos que se prevén para o abono desta subvención, a FOANPAS deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

**Décimo.-** *O presente convenio estenderá o seu período de vixencia dende o 01 de xaneiro ao 31 de decembro de 2022, e non será prorrogable. Polo tanto, serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022.*

**Décimo primeiro.-** *O convenio non atribúe á FOANPAS a condición de entidade colaboradora na xestión de futuras subvencións para prestación do servizo de comedores e actividades extraescolares das ANPAs integradas na federación, senón que esta –a Federación– é, no convenio, a beneficiaria da subvención que se distribuirá entre as distintas ANPAs que a integran. Polo tanto FOANPAS distribuirá a subvención entre as distintas ANPAs que a integran e pertencen a centros públicos situados no termo municipal de Vigo. As actividades das ANPAs ás que pode aplicarse esta subvención serán a prestación do servizo de comedores e*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 12:49	Páxina 14 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A6AE47-EE4H43-AAB7DA-JS6W9V-MW1XB4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

*as actividades extraescolares dirixidas ao alumnado dos colexios públicos de Vigo, que presenten a xustificación da axuda acompañada do formulario do anexo I.*

**Décimo segundo.-** Coa sinatura do convenio constituirase unha comisión de seguimento que realizará o control e seguimento da súa execución e xestión económica, segundo as pautas contempladas no anexo II e realizará a avaliación. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeadas pola FOANPAS, a Xefa do Servizo de Educación, un técnico do Servizo de Educación do Concello de Vigo que actuará de Secretario, e presidida polo concelleiro de Educación.

*En calquera caso, as ANPAs beneficiarias das subvencións comprométense a remitir cuberto á FOANPAS, para que o estude a devandita comisión, e sempre antes do 30 de setembro de 2022, o formulario contido no anexo I do convenio para a realización de actividades extraescolares e obradoiro matinal, a conta xustificativa acompañada dos documentos xustificativos do gasto, que naquel se indica, así como os restantes datos que pida a comisión en orde a un mellor seguimento do convenio.*

*O incumprimento destes requisitos e dos seus prazos poderá ser causa da perda da axuda, previo informe da comisión e acordo da Xunta de Goberno Local.*

**Décimo terceiro.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Educación. O Servizo de Educación emitirá informe técnico ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. Por iso, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPAS, o Servizo Municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos documentos xustificantes achegados e, polo tanto a procedencia do seu pago.

**Décimo cuarto-** A FOANPAS deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Educación e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 12:49	Páxina 15 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A6AE47-EE4H43-AAB7DA-JS6W9V-MW1XB4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a FOANPAS no que se refire á subvención recollida neste convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo sétimo.-** Os datos persoais do representante da FOANPAS, indispensables para a xestión deste convenio incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar o “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e Comarca (FOANPAS), para o ano 2022”.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Convenio, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial (BDNS). Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

**Décimo oitavo.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 12:49	Páxina 16 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A6AE47-EE4H43-AAB7DA-JS6W9V-MW1XB4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





## Concello de Vigo

*de Execución do Orzamento do Concello de Vigo vixentes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado e de conformidade co artigo 127.1 g) da LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do presente convenio e con carácter previo a ésta a aprobación do gasto (art. 34 LXS).*

*As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.*

*E, en proba da súa conformidade de canto antecede, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicado.”*

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/rs

V. e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 12:49	Páxina 17 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A6AE47-EE4H43-AAB7DA-JS6W9V-MW1XB4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		